




CONFERENCIA
de **MANUEL FERREIRO FERNÁNDEZ**
sobre **EDUARDO PONDAL**

VENRES, 2 DE FEBREIRO DE 2018, 20:30 HORAS
CASA DA CULTURA de Vilalba



O Instituto de Estudos Chairegos organiza unha conferencia do chairego **MANUEL FERREIRO FERNÁNDEZ** sobre a figura de **EDUARDO PONDAL**, o próximo venres, día 2 de febreiro de 2018, ás 20:30 horas, na Casa da Cultura de Vilalba. Presentará ao conferenciante **MANUEL ROCA CENDÁN**, profesor e directivo do Iescha.

O chairego **MANUEL FERREIRO FERNÁNDEZ** naceu en Saavedra (concello de Begonte).

Filólogo, traballou no campo da Lingüística Histórica Galega e máis no de Ecdótica e Crítica Textual; ten numerosas publicacións nestes dous ámbitos de estudo.

Catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña, é Director da *Revista Galega de Filoloxía*, que edita esa Universidade.

Publicou *Poesía Galega Completa*, de Eduardo Pondal, que viu a luz en catro volumes entre os anos 1995 a 2005: *Queixumes dos Pinos* (1995), *Poemas Impresos* (2001), *Poemas Manuscritos* (2002) e *Os Eoas* (2005).

Ven de publicar hai uns meses ***Eduardo Pondal, o cantor do eido noso***.

* Outras publicacións súas:

- Pondal: do dandysmo á loucura (Biografía e correspondencia)*, 1991.
- De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego* (1996); vai na 4ª edición.
- Gramática Histórica Galega* (editada en dous volumes, en 1995 o 1º e en 1997 o 2º).
- As cantigas de Rodriqu´Eanes de Vasconcelos* (1992).
- A Virxe do Cristal. Lenda de Curros Enríquez axeitada para ópera* (2002).

